

EXPRESIÓN DE INTERESE PARA O FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTOS E INFRAESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN NO MARCO DO CONVENIO DE FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA

A Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia acordou financiar, ao longo do exercicio económico 2021, a adquisición de equipamentos e infraestruturas científicas no SUG que non teñan cabida nas convocatorias estatais de financiamento de infraestruturas e equipamento científico, polo que interesaría identificar aquelas necesidades que os grupos de investigación do catálogo de grupos da USC poidan trasladar, co fin de avaliar o seu encaixe no programa.

Obxecto

O financiamento solicitado poderá destinarse á adquisición de:

- Novo equipamento de investigación que non estea dispoñible na USC ou a renovación xustificada daquel xa existente.
- Licenzas ou ferramentas de xestión de coñecemento e información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, ou software.

O equipamento solicitado consistirá nun único equipo ou instrumento. Non poderán solicitarse equipos informáticos de sobremesa ou portátiles para uso persoal.

Solicitantes

Grupos de investigación incluídos no catálogo de grupos da USC,

- A solicitude será presentada polo coordinador/a do grupo ou grupos solicitantes.
- Poderase presentar unha única solicitude por grupo de investigación.
- Cada grupo só poderá apoiar unha única solicitude.

Importe da axuda

O importe máximo do equipamento solicitado non superará os 50.000 euros (sen IVE), o que permitirá a súa xestión como un contrato menor, ou de forma excepcional admitiranse importes de ata 100.000 euros (sen IVE) cando sexa posible a aplicación dun procedemento negociado sen publicidade por exclusividade, tal e como se establece na Lei de contratos do sector público.

Condições de execución da axuda

O equipamento solicitado deberá adquirirse durante o exercicio 2021, para xustificalo antes do 30 de outubro de 2021, o que implica tanto a correcta recepción do equipo como o seu correspondente pagamento.

Formalización e presentación de solicitudes

A presentación de solicitudes realizarase ata o 4 de xullo de 2021 a través do formulario que figura na seguinte ligazón <https://forms.office.com/r/GKmYvgPDG8>

Criterios de avaliación

- a) Xustificación da necesidade da axuda solicitada, da contribución á mellora da calidade do I+D+i na USC, así como do seu uso por un gran número de grupos de investigación (10 puntos por cada grupo de investigación a maiores do proponente, **cada grupo só poderá apoiar unha única solicitude**).
- b) Priorizaranse os equipos cuxa adquisición está apoiada por grupos de investigación de diferentes Facultades, Centros e/ou Institutos de investigación (10 puntos por cada grupo de investigación dunha Facultade ou Centro de Investigación diferente ao grupo proponente. Considerarase a Facultade ou o

centro do investigación de referencia ao que estea adscrito o responsable do Grupo asinante da solicitude. Máximo de puntuación neste apartado de 30 puntos).

- c) Ausencia de equipamentos con prestacións similares na USC (20 puntos).
- d) Media na puntuación da produción científica dos anos 2018 e 2019 dos grupos propoñentes (https://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/5070_gl.pdf) dividida entre o número de persoal docente e investigador a tempo completo membros do grupo/s.
- e) Co-financiamento do 10% do total do custo do equipamento por parte do grupo ou grupos beneficiarios dunha destas axudas (10 puntos).

Resolución e notificación

A Comisión de Investigación Delegada do Consello de Goberno determinará a orde final de prioridade das solicitudes, tendo en conta os criterios de avaliación e evitando duplicidades de equipos. O resultado da priorización servirá de base para a concesión das axudas.

Contra esta resolución, que non esgota o procedemento administrativo, de conformidade co artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o reitor magnífico da USC, no prazo dun mes.

Para calquera información dirixirse a riaidt.coordinacion@usc.gal.